



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Mecánica de fluídos	Código	730G05019	
Titulación	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Oceánica			
Coordinación	Sánchez Simón, María Luisa	Correo electrónico	maria.luisa.sanchez.simon@udc.es	
Profesorado	Sánchez Simón, María Luisa	Correo electrónico	maria.luisa.sanchez.simon@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A mecánica de fluídos debe ser considerada como unha materia básica na formación dun enxeñeiro industrial. Neste curso o alumno estudará os conceptos fundamentais de cinemática e estática de fluídos, chegará a entender o significado das ecuacións de conservación tanto en forma integral como diferencial, comprenderá a necesidade e aprenderá a simplificar estas ecuacións e estudará o movemento de fluídos, a teoría da capa límite e a turbulencia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A7	Coñecemento dos conceptos fundamentais da mecánica de fluídos e da súa aplicación ás carenas de buques e artefactos, así como ás máquinas, equipos e sistemas navais
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C4	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas que deben afrontarse

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Explicar os principios fundamentais que rexen o comportamento dos medios fluídos a partir dos principios básicos de conservación e constitución.	A7	B2 B5	
Aplicar os métodos e conceptos de cinemática para a descrición de fluxos de fluídos.	A7	B2 B5	
Deducir as ecuacións da mecánica de fluídos en forma integral e diferencial a partir dos principios constitutivos e leis de conservación, e explicar o significado físico dos seus termos.	A7	B2 B5	
Aplicar as ecuacións da Mecánica de Fluidos ao cálculo de balances de masa, forzas, momento cinético e balances de enerxía.	A7	B2 B5	
Aplicar as técnicas de análise dimensional á obtención dos parámetros mínimos nun determinado problema, á dedución de leis de escala e semellanza, e para a distinción dos principais fluxos e a correspondente simplificación das ecuacións.	A7	B2 B5	
Aplicar os métodos de análise dos principais fluxos de interese en enxeñaría.	A7	B2 B5	C4
Explicar os conceptos e fundamentos utilizados na análise de fluxos turbulentos.	A7	B2 B5	
Calcular perdas de carga en redes de tubaxes acopladas a máquinas hidráulicas.	A7	B2 B5	
Describir os métodos e instrumentos básicos utilizados na medida y caracterización de fluxos.	A7	B2 B5	



Realizar medidas de fluxos básicos e interpretar os datos obtidos.	A7	B2 B5
--	----	----------

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. Introducción e conceptos básicos	<p>A Mecánica de Fluídos</p> <ul style="list-style-type: none"> ? A Mecánica de Fluídos, obxecto e aplicacións ? Relacións con outras ciencias ? Formulación e organización do curso <p>Definicións e hipóteses básicas</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Sólidos, líquidos e gases ? Os fluídos como medios continuos ? Hipótese do equilibrio termodinámico local. Variables termodinámicas ? Magnitudes fluídas. Densidade e velocidade nun punto ? Densidade e velocidade ? Partícula fluída <p>? Clasificación dos tipos principais de fluxos: laminar/turbulento, compresible/incompresible, interno/externo, ideal/viscoso</p> <p>Forzas no seo do fluído considerado como continuo</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Forzas de volume e forzas máxicas. Orixe e tratamento ? Forzas de superficie. Tensor de esforzos ? Ecuación da cantidade de movemento <p>Fenómenos de transporte</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Transmisión de calor por conduction ? Difusión de masa ? Transporte molecular de cantidade de movemento
TEMA 2. Fluidostática e tensión superficial	<p>Fluidostática I</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Ecuación xeral da fluidostática ? Condicións que han de cumprir as forzas máxicas para que o fluído poida estar en repouso ? Principio de Arquímedes xeneralizado <p>Fluidostática II</p> <ul style="list-style-type: none"> ? A ecuación da fluidostática no caso de que as forzas máxicas deriven dun potencial ? Hidrostática ? Estabilidade de corpos mergullados e flotantes ? Atmosfera estándar ? Aplicacións á medida de presión <p>Tensión superficial</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Efectos da tensión superficial ? Ecuación de Laplace das entrefases ? Forma da superficie de separación ? Liña e ángulo de contacto



TEMA 3. Cinemática

Conceptos de cinemática de fluídos

- ? Sistemas de referencia de Lagrange e Euler
- ? Tipos particulares de movementos fluídos
- ? Traxectoria, traza e senda
- ? Liñas de corrente e superficies de corrente
- ? Liñas, superficies e volumes fluídos
- ? Punto de remanso

Variación de magnitudes fluídas

- ? Derivada substancial
- ? Aceleración

Movemento na contorna dun punto

- ? Velocidades na contorna dun punto. Tensor gradiente de velocidade
- ? Descomposición e interpretación física do tensor
- ? Vorticidade e circulación
- ? Movementos irrotacionais. Función potencial
- ? Teorema de Bjerknes -Kelvin

Volumes fluídos e de control

- ? Derivación de integrais estendidas a volumes fluídos
- ? Volume de control
- ? Teorema do transporte de Reynolds



TEMA 4. Dinámica e ecuacións xerais

Conservación da masa

- ? Os modelos fluídos e as leis de conservación
- ? Principio de conservación da masa: Ecuación de continuidade
- ? Formas integral e diferencial da ecuación
- ? Función de corrente
- ? Simplificación para o caso con movemento estacionario
- ? Simplificación para o caso de fluxo incompresible

Conservación de cantidade de movemento

- ? Ecuación de cantidade de movemento en forma integral
- ? Ecuación do momento cinético
- ? Ecuación de cantidade de movemento en forma diferencial
- ? Ecuacións de Navier -Stokes
- ? Casos con viscosidade constante e viscosidade volumétrica despreziable
- ? Simplificación para o caso de fluxo incompresible
- ? Ecuación da enerxía mecánica

Conservación da enerxía

- ? Primeira lei da termodinámica nun volume de control. Forma Integral da ecuación da enerxía
- ? A ecuación da enerxía en forma diferencial
- ? Ecuación da enerxía interna. Caso de Fluídos de densidade constante
- ? Ecuación da entropía
- ? A ecuación da enerxía en forma integral
- ? Balance enerxético nunha máquina
- ? Ecuación da enerxía para máquinas hidráulicas

O sistema completo de ecuacións de Navier -Stokes

- ? Condicións iniciais e de contorno
- ? Existencia e unicidade da solución

Análise de casos de movemento unidireccional de fluídos incompresibles que admiten solución exacta

- ? Simplificación das ecuacións
- ? Corrente de Couette
- ? Corrente de Hagen-Poiseuille bidimensional
- ? Corrente de Stokes



TEMA 5. Análisis dimensional e semellanza	<p>Análise dimensional</p> <ul style="list-style-type: none">? Obxecto e aplicacións da análise dimensional? Principio de homoxeneidade dimensional ou principio de Thompson? Teorema Pi de Buckingham <p>Adimensionalización das ecuacións xerais</p> <ul style="list-style-type: none">? O proceso de adimensionalizar? Algún parámetros adimensionales importantes: Strouhal; Euler, Mach y Cavitación; Reynolds; Froude; Peclet y Prandtl; Weber <p>Modelos adimensionais</p> <ul style="list-style-type: none">? Semellanza física e modelado en Mecánica de Flúidos? Semellanza establecida desde as ecuacións xerais? Condicións para a semellanza? Semellanza física parcial
TEMA 6. Fluidos ideais	<p>Ecuacións de Euler</p> <ul style="list-style-type: none">? Condicións de fluxo ideal? Obtención das ecuacións de Euler a partir das de Navier-Stokes? Condicións iniciais e de contorno? Descontinuidades e capas límite en fluxos ideais? Movimentos isentrópicos e homentrópicos? Ecuación de Euler-Bernouilli? Ecuación de Bernouilli? Condicións de remanso? Aplicacións prácticas da ecuación de Bernouilli: sonda de Pitot,, efecto Venturi, tubo de Venturi <p>Movemento estacionario de líquidos en condutos</p> <p>Fluxo compresible</p> <ul style="list-style-type: none">? Efecto da compresibilidade no movemento? A velocidade do son? O cono de Mach? Movimento estacionario de líquidos en condutos



TEMA 7. Movemento irrotacional de fluídos incompresibles	<p>Movemento irrotacional de líquidos</p> <ul style="list-style-type: none">? Definición. Condicións de suficiencia de irrotacionalidade? Ecuacións do movemento irrotacional de líquidos? Superposición de solucións <p>Movemento bidimensional irrotacional de fluídos incompresibles</p> <ul style="list-style-type: none">? Ecuacións? Potencial complexo? Algunhas solucións elementais <p>Movemento de líquidos ao redor de corpos planos</p> <ul style="list-style-type: none">? Algunhas solucións elementais? Paradoxo de D'Alembert? Movementos ao redor de corpos planos con circulación? Forzas de resistencia e sustentación. Teorema de Kutta-Joukowski? Efecto Magnus
TEMA 8. Capa límite	<p>Capa límite</p> <ul style="list-style-type: none">? Concepto de capa límite? Ecuacións da capa límite bidimensional incompresible? Condicións de contorno da capa límite? Espesores de capa límite? Solución de Blasius para a capa límite laminar de placa plana sen gradiente de presión? Efecto dos gradientes de presión. Desprendemento da capa límite? Perdas locais e resistencia de corpos? Capa límite térmica
Tema 9. Turbulencia	<p>Características e ecuacións do movemento turbulento</p> <ul style="list-style-type: none">? Orixe e estrutura da turbulencia? Valores medios? Ecuacións de Reynolds? Transporte turbulento de calor? O problema do peche <p>Capa límite turbulenta</p> <ul style="list-style-type: none">? Estrutura da capa límite turbulenta <p>Movemento turbulento en condutos</p> <ul style="list-style-type: none">? Perda de carga por fricción. Diagrama de Moody? Condutos de sección non circular. Diámetro hidráulico? Condutos de sección variable. Perdas de carga locais? Sistemas de tubaxes? Tubaxes axustadas con máquinas hidráulicas
Prácticas de Laboratorio	<p>Práctica 1. Determinación da velocidade de descarga dun depósito</p> <p>Práctica 2. Calibración dun Venturi</p> <p>Práctica 3. Distribución de presións ao redor dun cilindro</p> <p>Práctica 4.1. Perdas de carga en tubo recto</p> <p>Práctica 4.2. Perdas de carga en tubo con accesorios</p> <p>Práctica 5. Capa límite nunha placa plana</p>



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A7 B5 B2 C4	25	45	70
Solución de problemas	A7 B2 B5 C4	18	30	48
Prácticas de laboratorio	A7 B2 B5 C4	8	16	24
Proba obxectiva	A7 B2 B5 C4	6	0	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Actividade presencial na aula que serve para establecer os conceptos fundamentais da materia. Consiste na exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, co fin de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Solución de problemas	O profesor explicará o método e a forma que se ha de seguir na resolución de distintos tipos de problemas. Os problemas serán exercicios de aplicación das distintas partes que conforman a materia. En cada parte comezarase con exercicios simples que se irán facendo mais complexos co fin de adaptalos o mais posible a casos reais. O alumno disporá dunha colección de problemas que poderá resolver por se mesmo.
Prácticas de laboratorio	Desenvolvemento de prácticas no laboratorio de mecánica de fluídos. Os alumnos obterán datos experimentais dos valores de distintas magnitudes fluidodinámicas nos distintos bancos e equipos do laboratorio. Posteriormente deberán de facer un tratamento dos datos que lles permita ter un coñecemento preciso dos fenómenos estudados.
Proba obxectiva	Realizaranse dúas probas de avaliación, unha a mediados e outra ao final de curso. Consistirán nunha proba escrita na que haberá que responder a diferentes tipos de preguntas tanto teóricas como resolver problemas curtos e longos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As prácticas de laboratorio realízanse os alumnos por parellas en grupos reducidos que non exceden de tres parellas por cada sesión de prácticas. Isto permite ao profesor prestar unha atención personalizada. En cada momento cada parella realiza unha práctica diferente e vanse rotando ao longo da sesión.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A7 B2 B5 C4	A asistencia as prácticas de laboratorio é obrigatoria. Deberá realizarse tamén unha memoria de prácticas cuxa nota mínima terá que ser de 5 sobre 10 para estar aprobada. A asistencia ao laboratorio manterase para anos sucesivos se se aproba a memoria de prácticas no ano da realización das mesmas.	15



Proba obxectiva	A7 B2 B5 C4	<p>Realizarase unha proba a metade do curso e outra ao final. Cada unha das dúas probas terá unha parte de problemas e outra de teoría que constará, non só de preguntas de desenvolvemento teórico, senón tamén de exercicios simples de aplicación dos conceptos teóricos desenvolvidos en clase. Esta parte terá un peso do 50% da nota da proba. A parte de problemas terá un peso do 50%.</p> <p>Se a nota da primeira proba é superior a 4/10 e as notas das partes de teoría e problemas son superiores a 3/10 poderase liberar a primeira parte da materia para o exame final e ponderaranse ambas as probas ao 50%. Esta liberación poderase estender ata o exame final de xullo do mesmo ano se o alumno preséntase ao exame de xuño.</p> <p>Para aprobar a materia é necesario obter polo menos un 5/10 na proba mixta e polo menos un 3/10 na nota media da parte de problemas e na parte de teoría.</p>	85
Outros			

Observacións avaliación

A segunda proba mixta farase coincidir co exame final, no que os alumnos que non teñan liberada a parte correspondente á primeira proba mixta, examinaranse de toda a materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - López Peña, Fernando (). Mecánica de fluidos. Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións, ed. - Crespo Martínez, Antonio (2006). Mecánica de fluidos. Editorial Paraninfo - White, Frank (2008). Mecánica de fluidos. McGraw-Hill Interamericana de España - Robert W. Fox, Alan T. McDonald (1989). Introducción a la mecánica de fluidos. McGraw-Hill - Victor L. Streeter, E. Benjamin Wylie, Keith W. Bedford (1999). Mecánica de fluidos. McGraw-Hill
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemáticas 1/730G05001
 Física 1/730G05002
 Matemáticas 2/730G05005
 Física 2/730G05006
 Ecuacións diferenciais/730G05011
 Mecánica/730G05018
 Termodinámica técnica/730G05015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Transmisión de calor/730G05022
 Hidrodinámica naval/730G05023
 Máquinas mariñas e sistemas de propulsión 1/730G05027
 Sistemas auxiliares do buque 1/730G05028
 Sistemas hidráulicos e neumáticos/730G05029
 Máquinas mariñas e sistemas de propulsión 2/730G05034
 Sistemas auxiliares do buque 2/730G05035
 Aproveitamento enerxético do medio mariño/730G05040
 Hidrostática e estabilidade/730G05020

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías